



RENOVACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR 2024-2025

CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (DOG do 18 de setembro de 2024), realizarase proximamente neste Centro a renovación do CONSELLO ESCOLAR que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos da Escola Oficial de Idiomas de Ferrol (EOI de Ferrol).

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da Xunta Electoral que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- A directora do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un representante do persoal de administración e servizos.
- Un alumno ou alumna.

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro **o próximo día 18, venres, ás 11'30 horas.**

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Ferrol, 11 de outubro de 2024.
O/A DIRECTOR/A DO CENTRO,